



Publicada polo Ministerio de Xustiza a ***Circular informativa da Secretaría Xeral para a Innovación e Calidade do servizo público de xustiza sobre o cese das medidas organizativas e tecnolóxicas previstas no capítulo III da Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte ao COVID-19 no ámbito da Administración de Xustiza***, a Dirección Xeral de xustiza informa do seguinte:

- Deberán acudir a cada centro de traballo o 100% dos efectivos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa, auxilio xudicial e médicos forenses, sen prexuízo das licencias e permisos correspondentes, non sendo posible exercer a modalidade de teletraballo en tanto non se aprobe a súa regulación específica no ámbito da Administración de xustiza.

Esta medida debe facerse efectiva con carácter inmediato, e en todo caso a partir do martes 31 de outubro de 2023.

- A atención presencial debe quedar garantida sempre e en todo caso durante o horario de audiencia pública, sen que poida restrinxirse a dita atención presencial aos supostos nos que se obtivera a cita previa. Sen prexuízo do anterior, poderán seguirse a utilizar os sistemas de cita previa de forma compatible coa atención presencial sen cita, sempre que isto redunde na mellor organización e xestión das demandas de atención ao público.

O Director xeral de xustiza

José Tronchoni Albert

